

Idade de acceso ás técnicas de reprodución asistida

Expediente: I.5.Q/6715/21

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2022

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse un expediente de queixa ao respecto dos criterios tidos en conta para facer efectiva unha técnica de reprodución humana asistida con gameto de donante.

ANTECEDENTES

A promotora do expediente, sinala que accedeu á consulta de reprodución asistida coa idade de 39 anos e realizado un procedemento de inseminación con gameto de donante, comunicóuselle o fin dos tratamentos por cumprir os 40 anos.

Ante iso requirimos, información a esa consellería. No informe achegado indícase o seguinte:

“A paciente acudiu a consulta na Unidade de Reprodución Asistida por primeira vez o 21/09/20 con 39 anos, cumprindo 40 anos o 23/10/20. No estudo de esterilidade realizado con anterioridade consta un valor de hormona antimülleriana (HAM) de 0,2 (en HAMs<1 confírmase baixa reserva ovárica, con HAM<0,5 a probabilidade de xestación mediante técnicas de reprodución asistida, TRA, é menor de 2%).

Explícanse estes resultados e indícase (pese ao límite de idade): inseminación artificial con semen donante (IAD) por ser muller monoparental.

Asina consentimento de técnica, acepta e entende. O día 15/10/2020 realízase unha IAD: segundo o planificado e así comunicado en consulta previa, e dáse alta médica tras realización da mesma.

Actualmente, e segundo a Orde SSI/2065/2014, do 31 de outubro, pola que se modifican os anexos I,II e III do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, publicada no BOE do 6 de Novembro de 2014, non proceden máis TRA por parte do SERGAS, posto que a indicación da técnica de TRA indicábase, en "pacientes menores de 40 anos".“.

ANÁLISE

A carteira de servizos comúns de atención sanitaria especializada de acordo coa Orde SSI/2065/2014, de 31 de outubro, pola que se modifican os anexos I,II e III do Real Decreto 1030/2006, de 15 de setembro, á que se fai referencia no informe trasladado, establece no seu Anexo III, ao respecto dos tratamentos de reprodución humana asistida (RHA) os requisitos que se deben cumprir para acadar cada unha das técnicas que se poden indicar en cada caso e concreto.

Esta institución carece de competencias para avaliar a pertinencia e idoneidade dunha técnica concreta de reprodución asistida, non obstante, constatada a indicación dun tratamento por parte dos facultativos, neste caso unha inseminación con gameto de donante, segundo o informe trasladado, pódese proceder ao análise dos criterios especificados na devandita norma.

Os criterios de acceso para a inseminación con gameto de donante , segundo o exposto “ut supra”, son:

- 1- Existencia de indicación terapéutica.
- 2- Idade da muller no momento de indicación do tratamento inferior a 40 anos.
- 3- Número máximo de ciclos: 6.

Do que se deduce que o tratamento de inseminación con gameto de donante consta de varios ciclos, establecéndose un número máximo de seis por paciente.

Entende esta institución que, existe indicación terapéutica dado que se realizou un ciclo de inseminación con gameto de donante, que a idade da paciente no momento da indicación terapéutica era de 39 anos, polo tanto inferior a 40 anos e que o número de ciclos aos que foi sometida foi 1 polo tanto inferior a 6, motivo polo que non parece razoable en base á disposición alegada pola administración sanitaria rexeitar un novo tratamento de inseminación artificial ou o que proceda, alegando que no decurso do mesmo a doente cumpriu 40 anos, pois a idade á que fai referencia a devandita disposición refírese, como se establece literalmente, ao acceso á técnica en cuestión; diferente cuestión é que polas particularidades clínicas deste caso en concreto non estea indicado continuar aplicando as técnicas de reprodución asistida, suposto que deberá ser comunicado ás doentes especificando os motivos concretos da suspensión dos tratamentos.

O que aquí se dirime non é a indicación dun tratamento de reprodución humana asistida, extremo que compete en exclusividade aos profesionais sanitarios, aquí o que se está a dirimir

é o argumentado pola administración sanitaria para suspender os devanditos tratamentos, toda vez que foron indicados antes de cumprir a doente os 40 anos.

Resulta razoable que a interpretación da norma en cuestión se realice no sentido mais favorable aos obxectivos constitucionais de protección da saúde, neste caso a protección da saúde reprodutiva da doente, consagrados no artigo 43 CE.

Finalmente, sinalar que, con data de 12 de abril de 2020, a propósito dun caso de exclusión do tratamento de reprodución humana asistida dunha doente, á que se lle indicou unha inseminación con gameto de donante, ao cumprir os 40 anos, esta Valedoría trasladou a esa consellería, un RDL que foi aceptado pola vía executiva, ao citar á doente novamente na unidade de reprodución asistida en concreto para unha consulta de FIV. Os termos do devandito recordatorio, expediente I.5.Q/4537/20, foron:

“Os procedementos que se inclúen na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde deben facerse efectivos se se cumpren os requisitos establecidos a tal fin”.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte recomendación:

A interpretación do requisito contemplado na normativa alegada pola administración sanitaria: “Edad de la mujer en el momento de indicación del tratamiento inferior a 40 años”, debe interpretarse como a idade na que se indica o tratamento, non a idade na que se inicia un dos ciclos nos que consiste o devandito tratamento.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas



causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo